

ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día vinte e sete de maio de dous mil dez, aprobou os criterios de admisión por cambio de universidade e/ou de estudos universitarios nos estudos de grao, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a un de xuño de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor
(P.D. do 27 de maio de 2010)
A vicerreitora de Investigación e Innovación

M^a José Alonso Fernández



ACORDO SOBRE CRITERIOS DE ADMISIÓN POR CAMBIO DE UNIVERSIDADE E/OU DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS. NOS ESTUDOS DE GRAO

No Real Decreto 1892/2008, de 14 de novembro (BOE do 24 de novembro), polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas, establécense os requisitos mínimos para continuar os estudos iniciados noutras universidades españolas ou por cambio de titulación, así como a admisión de alumnos e alumnas con estudos universitarios estranxeiros, que serán resoltas polo Reitor, de acordo cos criterios, que para estes efectos, determine o Consello de Goberno de cada universidade.

Neste norma establécese como requisito para a admisión o recoñecemento dun mínimo de 30 créditos dos estudos do Grao, fronte ao criterio anterior de ter unicamente en conta os estudos cursados con independencia do posterior recoñecemento. Tamén se indica no artigo 56 deste real decreto que o cambio de universidade debe ser resolta polo Reitor, de acordo cos criterios, que para estes efectos, determine o Consello de Goberno de cada universidade.

Debe terse en conta que o recoñecemento esixe, en moitos casos, que se estuden polas comisión de validacións os expedientes para determinar se procede o recoñecemento do mínimo de créditos esixidos. Por este motivo, a fin de ofrecer as garantías suficientes e non demorar a resolución das solicitudes de admisión, permitindo que o alumnado se incorpore aos estudos no momento en que se inician as actividades académicas, cómpre establecer uns criterios que permitan facer unha xestión máis operativa e eficaz, determinando os requisitos mínimos que deben reunir o alumnado en relación cos estudos xa cursados.

Por este motivo, o Consello de Goberno, na súa sesión do 27 de maio de 2010, acorda aprobar os seguintes criterios para a admisión nos estudos de Grao:

PRIMEIRO.- Inicio de estudos en titulacións de grao

O inicio de estudos en calquera titulación de Grao con límite de prazas deberá facerse polo procedemento xeral establecido para ingreso en titulacións con límite de prazas, e dicir mediante preinscripción.

Nas titulacións nas que non se estableza límite de prazas para o ingreso, os alumnos e alumnas poderán matricularse directamente nos prazos que se determinen na convocatoria de matrícula. Non obstante, os alumnos que procedan doutra universidade ou que fixeran as probas de acceso á universidade noutro distrito universitario, deberán solicitar a súa admisión previamente a fin de proceder ao traslado do seu expediente académico.

SEGUNDO.- Continuación de estudos por cambio de titulación no caso de substitución de plan.

Unicamente se admitirán para continuar estudos por cambio de titulación as solicitudes de alumnos e alumnas que cursaran estudos por un plan regulado por directrices anteriores, nesta ou noutra universidade, que se substitúe polos novos estudos de Grao aos que pretende acceder, ou que iniciaran os mesmos estudos de Grao noutra universidade. Neste caso, deberán reunir os requisitos que se establecen neste acordo para continualos nesta universidade.

TERCEIRO.- Continuación de estudos en graos con límite de prazas

Para continuar estudos en titulacións de Grao con límite de prazas para o ingreso, con ou sen cota de prazas para traslados, o alumnado deberá ter superados como mínimo 30 créditos en materias de formación básica nos mesmos estudos de Grao. No caso de estudos cursados en plans que se rexen por directrices anteriores ao de Grao, deberán ter superados como mínimo 60 créditos propios da titulación (troncais, obrigatorios ou optativos), ou, no caso de plans non estruturados en créditos, o primeiro curso completo.

Nas titulacións con cota de prazas para traslados, as prazas adxudicaranse por orde de nota media de expediente académico, aplicándose para o seu cálculo o baremo aprobado no protocolo de colaboración asinado entre a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades galegas.

Os alumnos procedentes de universidades privadas ou da Igrexa, para continuar estudos nas titulacións de grao con límite de prazas que se imparten na USC, ademais dos requisitos que establece o punto terceiro (ter superados 30 créditos de formación básica) deberán ter unha cualificación nas probas de acceso á Universidade igual ou superior a do último alumno admitido nesa titulación no curso anterior.

CUARTO.- Continuación de estudos en graos sen límite de prazas

Nas titulacións de Grao nas que non se estableza límite de prazas para o ingreso non se esixirá ningún outro requisito adicional, podendo ser admitidos todos os alumnos e alumnas que acrediten ter acceso aos estudos e non teñan ningún impedimento para cursar estudos universitarios.

QUINTO.- Continuación de estudos de grao en plans en proceso de extinción

O alumnado que iniciara estudos de Grao noutra universidade non poderán ser admitidos para continuar estudos en plans en proceso de extinción nesta universidade.

SEXTO.- Validación ou recoñecemento parcial de estudos estranxeiros

Unicamente se admitirán solicitudes de validación parcial para os mesmos estudos universitarios xa iniciados noutro país. Para estes efectos, no caso de diferente denominación da titulación, a comisión de validacións deberá informar se os estudos cursados outorgan as mesmas competencias académicas e profesionais que a titulación de Grao para a que se solicita a validación. Para proceder á admisión destes alumnos e alumnas, deberá recoñecérselles previamente un mínimo de 30 créditos en materias do Grao para o que se solicita a admisión. Nas titulacións que teñan establecida unha cota de prazas para este colectivo, as prazas adxudicaranse por orde do maior número de créditos recoñecidos.

A partir do curso académico 2010/11, inclusive, non se admitirán solicitudes de validación parcial de estudos estranxeiros para plans de estudos en proceso de extinción.

O alumnado que accede á universidade polo procedemento xeral de ingreso, e cursara estudos universitarios oficiais noutro país, poderán solicitar o recoñecemento parcial dos estudos

superados para os estudos de Grao nos que se matricularan, de acordo coas normas e requisitos establecidos para o recoñecemento de estudos.

SÉTIMO.- Equivalencia de Titulacións

Para aplicar os criterios que se establecen neste acordo, cando a denominación da titulación a que conducen os estudos de Grao doutras universidades sexa distinta aos estudos da USC, entenderase que son os mesmos estudos cando outorgan as mesmas competencias académicas e profesionais e no caso de títulos que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España e que están suxeitas as condicións establecidas polo Goberno. No caso de dúbida corresponderá á Comisión de Validacións e Recoñecementos decidir a equivalencia entre graos.

OITAVO.- Equivalencia de titulacións

Recoñecemento de estudos farase en todo caso de acordo cos criterios establecidos no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias e demais normativa da USC en materia de recoñecemento de estudos

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.- Continuación de estudos en titulacións nas que só se implante o primeiro curso do grao

Non se admitirán solicitudes para continuar estudos nas titulacións nas que só se implante o primeiro curso do grao.